

Anuncio 9/2010: Cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga a celebrar nas escolas oficiais de idiomas de Galicia (ED104H).

O pasado 14 de xaneiro de 2011 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 9, orde do 29 de decembro de 2010 pola que se convocan, con carácter gratuíto, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán nos períodos e nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican.

A **finalidade** desta orde é convocar, con carácter gratuíto cursos preparatorios para a consecución dos certificados de lingua galega (Celga), nos niveis 1, 2, 3 e 4, para o ano 2011, nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican nos anexos II e IV, respectivamente.

Características dos cursos

1. Os cursos axustaranse aos contidos sinalados na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).
2. Cada curso terá unha duración de 60 horas lectivas.
3. Corresponderalle ao profesorado dos departamentos didácticos de galego das escolas oficiais de idiomas programar e impartir os contidos sinalados na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), de acordo coas necesidades e o desenvolvemento do curso.
4. Todas as actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse no referente á normativa e ao uso correcto do idioma establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo do ano 2003, de conformidade coa disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística. Do mesmo xeito acordarase especialmente o respecto rigoroso da toponimia oficial nos temas previstos no artigo 10º da citada lei.
5. A realización do curso non dará dereito a ningún tipo de certificación, por tratarse dun curso preparatorio para as probas conducentes á obtención dos certificados de lingua galega, Celga, cuxa expedición compete á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Serán **beneficiarios** desta axuda todas as persoas maiores de dezaseis anos, ou aqueles que os cumpran no ano natural da convocatoria, que desexen certificar a súa competencia en lingua galega

A **documentación** necesaria para solicitar dita axuda será a seguinte:

- 1) Solicitude conforme o modelo oficial que figura.

O prazo de presentación de solicitudes está **aberto todo o ano**.

Neste ámbito, como axente de emprego e desenvolvemento local do concello estou á súa enteira disposición nas oficinas municipais para atender a calquera dúbida ou consulta que lle poida xurdir e proporcionarlle a colaboración necesaria na tramitación das solicitudes que poida presentar ó abeiro desta orde.

Castrelo de Miño, 19 de xaneiro de 2011

A axente de emprego e desenvolvemento local



Mª Dolores Vázquez Araújo